

Reinterpretando a Machín

A Transición e a música popular bailable

JOAQUIM VENTURA

A idade non perdoa e a crise tampouco. Con estas dúas circunstancias ás costas, Manel Joseph anunciaba hai unhas semanas a despedida definitiva da Orquestra Platería. Posiblemente, estes dous nomes non lles soen a algúns lectores destas páxinas; pero foron moito máis que un simple conxunto musical e máis o seu vocalista.

Unha das limitacións que impuxo a ditadura franquista foi a da moralidade, aplicada ás manifestacións festivas populares. Se no cine foron os cortes incluso en escenas de tímido erotismo, nos bailes foi aquilo de que os corpos non se achegasen moito. Ademais, houbo unhas imposicións estéticas que provocaron que a mocidade que medrou nas zonas urbanas nos anos sesenta procurasen no pop-rock unha linguaxe de identidade xeracional.

Iso provocou que se esquecese esoutra expresión da música popular nacida á outra beira do Atlántico, especialmente en Cuba e en Porto Rico. E cando os cidadáns gañaron os espazos públicos para a liberdade, cadanseus corpos lles pedían ritmo con sabor e notar a calidez dun corpo alleo, cousa que o rock non sempre podía ofrecer.

A máis veterana orquestra galega vén ser a Orquesta Compostela

Na procura desa expresión, cara á noite de Aninovo de 1974 algúns habituais do mítico Zeleste barcelonés pensaron a maneira de celebralo alí e xuntos, pero dun xeito distinto. Daquela callou, case por azar, un combo formado por músicos (semi)profesionais procedentes da *cançó* ou da música popular urbana. Aquela orquestra foi batizada co nome da rúa onde estaba Zeleste, a actual Argentería, naquela altura aínda oficialmente en castelán “calle Platería”.

O común denominador do repertorio foi o ritmo “sandunguero” de procedencia afroantillana. Alí estaban moitos músicos procedentes do Grup de Folk como Jaume Sisa, Jordi Batiste (procedente de Els Tres Tambors e do rock laietano con Máquina! e la

& Batiste) ou Manel Joseph (Dos + Un con Jordi e la Clua, Orquestra Mirasol) e outros como Gato Pérez (renovador da rumba catalá) e La Voss del Trópico (Jordi Farràs, químico de profesión),

Existían, naturalmente, as grandes orquestras tradicionais (no caso catalán

as Maravella, Selvatana, Montgrins ou as de Josep Guardiola, Ramon Calduch ou Rudy Ventura, pero tiñan uns cachés altos e un estilo que as facía anquilosadas para o gusto da mocidade.

A oferta da Platería era máis desenfadada e collía o modelo dos míticos Xa-

vier Cugat e do mallorquín Bonet de San Pedro. A súa música incluía Rubén Blades, Antonio Machín ou Benny Moré e –sen esquecer versións de rock– leváronlles a participar nos festivais Canet Rock en 1975 e 1977. Daquela, coa democracia conquistada, as festas patronais pedían ritmo e con eles, comezaron a aparecer grupos máis ou menos semellantes como La Salseta del Poble Sec, Huapachá Combo ou Pernil Latino.

Pero como tamén lle sucedeu á *cançó* (Llach, Pi de la Serra, Raimon) xa na década dos noventa comezou o seu declive, non tanto porque a calidade ou a demanda diminuíse, senón pola orientación cultural do pujolismo, que promoveu o rock en catalán ou a música de raíz tradicional rural. E nos concellos, que sempre procuran lucirse nas festas, se lles engadiron as orquestras de toda a vida: non había espazo nin para a contestación nin para as cancións cubanas, obviamente cantadas en castelán. Para moitos, non había espazo para a música alegre, canalla e transgresora.

Para moitos, non había espazo para a música alegre e canalla

No resto de España non se deu tanto este fenómeno. No caso de Galiza e do País Valenciano porque a abundancia de bandas locais xa cubría a demanda mentres que outras zonas –máis refractarias– as preferencias sempre foron para os éxitos que aparecían na televisión, de maneira que o público quedaba satisfeito coas estrelas e grupos máis coñecidos do momento ou pola adaptación que facían os grupos de formato mediano de ámbito local.



O vocalista Pucho Boedo (1929-1986).



Los Tamara a finais dos anos 60.



A Orquesta Platería en plena actuación.

Galiza é terra rica en bandas e orquestras. Sen dúbida, niso inflúe a conformación xeográfica que leva que non haxa aldea nin parroquia que non celebre festas, verbenas e romarías. E en todas elas a presenza da música é obrigada.

A historia das orquestras galegas comeza moito tempo atrás. Sen ánimo exhaustivo, cómpre citar á máis veterana é a Orquesta Compostela, fundada en 1919, que recentemente fixo unha xira fora de Galiza para celebrar os seus noventa e cinco anos. Séguelle a Variedades, de Viveiro, fundada en 1930, que non incorporou

unha muller ata 2002. De 1938 é a coruñesa orquestra Los Satélites, coa cal actuou o vocalista Pucho Boedo nunha xira americana e que entre outros premios ten un disco de ouro. En 1948 naceu en Ferrol a Orquesta Trébol, cun concerto no Casino Ferrolano e un formato de

Orquestras galegas

sete membros, menor que os dez habituais noutras formacións.

Máis recentes son, de terras de Noia, a Orquesta París de Noia, liderada en 1957 por Joaquín García Piñeiro e Constantino Pego “o Xitano”, sen esquecer uns coetáneos e paisanos seus pero máis influenciados pola música pop, como foron Os Tamara, que ben axiña incorporaron o galego nas súas interpretacións. Ou a Orquesta Sintonía, de Vigo, fundada en 1960. E proba de que hai mercado para novas formacións é a aparición hai uns quince anos da orquestra Marbella.